

Notas arqueolóxicas

As cruces antefixas románicas da eirexa parroquial de San Xiao de Mandaio (Cesuras)

Por FRANCISCO VALES VILLAMARÍN

Son dúas as que exibe, con lóxica fachenda, este humildísimo templo da bisbarra betanceira, unha delas situada no muro testeiro da nave e a outra lucindo no piñón do ábside.

A primeira (fig. 1) ten como soporte, en lugar do apocalíptico año, a representación dun touro, a semellanza dos bóvidos que ostentan igualmente as parroquiáis de Mondói, Porzomillos, Vilamourel e a capela de San Cosme de Mántaras.




Figura 1

CESURAS. Eirexa de Mandaio.—Antefixa do testeiro da nave.

Século XII.

(Deb. de Xosé Antón García.)

O touro como sustentáculo de cruz é descoñecido, que eu seipa, no resto do país. Castelao non o menciona con tal carácter no seu moi interesante e documentado libro *As cruces de pedra na Galiza* (Buenos Aires, 1950). A introdución deste animal no cumio das eirexas, poida ser que teña relación co touro de San Lucas, non sóio como símbolo do Evanxello, senón tamén polos cornos que aquél porta, verdadeiros atributos —na opinión dalgúns tratadistas— da omnipotencia divina.

Castelao —ob. cit., páx. 65—, ao estudar o significado dos cornos, fai notar que «na arte relixiosa represéntase a Moisés con cornos incipientes na testa», engadindo, ademais, que «este atributo de autoridade emanada de Deus esprica o motivo simbólico do *Agnus con cornos*». E eu, a este respecto, quero lembrar aquí, asimismo, que no templo brigantino do Azougue custódiese na capela maior un retábulo barroco ao que foron incorporadas —milagrosamente!— no século XVIII varias tábuas do XV, de factura flamenga, pertencentes a outro altar anterior, nunha das cales —a correspondente ao misterio da Anunciación— o Arcanxo San Gabriel ten o cabelo disposto en longos e graciosos bugres, formando por acima da fronte lixeiros guechos a maneira de V (fig. 2), detalle éste que quizáis pretendára arremedar —en sentido místico, se entende— a cornamenta de determinados animáis (1).




Figura 2
BETANZOS. Eirexa de Santa María do Azougue.—Retábulo maior: Tábua da Anunciación. Século XV.
(Foto Gabin.)

Mas volvendo á devandita antefixa, diréi que ésta é dun tipo análogo á que figura no piñón do ábside da mesma eirexa (fig. 3), así como ás cru-

ces que presiden os ábsides de Santiago de Ois e Porzomillos. Algunhas das antefixas que Castelao presenta no gráfico 29, a, da súa referida monografía teñen moitos puntos de contacto coas mandaiesas.




Figura 3

CESURAS. Eirexa de Mandaio.—Antefixa do piñón do ábside.
Século XII. Está asentada sobre dunha peza prismática
completamente lisa.

(Deb. de Xosé Antón García.)

Xuño do 1981.

(1) Véxase FRANCISCO VALES VILLAMARIÑ: *Contribución a la historia de Betanzos. El retablo mayor de Santa María del Azogue*, en ANUARIO BRIGANTINO, n.º 3, correspondiente a 1951.